

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 13 DE NOVEMBRO DO 2025.**

ASISTENTES:

Presidente: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE Membros que asisten: BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREZ GOMEZ CARMEN MUÑIZ MUÑIZ ELADIO	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA MARIÑO DE BRICIO VICENTE
--	--

No Salón de Sesiós da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Trece de Novembro do Dous mil vinte e cinco, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 06/11/2025

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202511/072

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 06/11/2025. DECRETO: "INCIO PENALIDADES POR CUMPRIMENTO DEFECTUOSO DO CONTRATO DE SERVIZO DE PROGRAMA DE PROMOCIÓND A IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO. LOTE (2) PUNTOS VIOLETAS EN ESPAZOS FESTIVOS PARA A PREVENCIÓN E APOIO FRONTE A VIOLENCIA DE XÉNERO E SEXUAL"



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202511/088

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 07/11/2025. DECRETO: “APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DA RÚA BUENOS AIRES, ENTRE RÚA DO CANAVAL E TRAVESÍA BUENOS AIRES (CORRUBEDO) - POS+2025”

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202511/096

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 07/11/2025. DECRETO: “APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN MUÍÑOS (OLEIROS) - POS+2025”

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202511/110

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 10/11/2025. DECRETO: “ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE SUMINISTRO DE INSTALACIÓN DE EQUIPAMIENTO Y MOBILIARIO PARA LA DOTACIÓN DE LA VIVIENDA DE EMERGENCIA SOCIAL “A GARITA”. FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA, NEXT GENERATION EU. SUBVENCIONES A AYUNTAMIENTOS PARA LA REHABILITACIÓN DE VIVIENDAS PARA PERSONAS SIN HOGAR. CUATRO LOTES.”

6.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

20423 29.08.2025 COMUNIDAD PROPIETARIOS GENERAL MIGUEL RODRÍGUEZ BAUTISTA, retirada de hiedras na fachada traseira do edificio, na rúa Miguel Rodríguez Bautista, 11, Ribeira.

7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

17226 14.07.2025 SUPERMERCADOS RIBEIRA & AGUIÑO, reforma de local, na rúa Salvora, 88, Aguiño.

Así mesmo se lle informa que, segundo consta no informe técnico emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 05/11/2025:



“Observacións: Ao finalizar as obras de reforma parcial deberá achegarse ao expediente certificado da entrega dos RCDs a xestor autorizado.”

8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

20795 02.09.2025 MARÍA FRANCISCA FERNÁNDEZ PAZ, cambio de ventanas, na rúa Xoana Torres, nº 12, Ribeira.

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

21031 03.09.2025 LITOCLEAN S.L., sondeo para estudio hidrogeológico do subsuelo por ubicación de estación de servicio (gasolinera) San Uxía, na Avda. da Coruña, 176-A, Ribeira.

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

21114 04.09.20256 JAVIER VIDAL MARTÍNEZ, pintar fachadas, na rúa Rabelo, 37, Castiñeiras.

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

21214 05.09.2025 JOSÉ LUIS ARGIBAY SAMPEDRO, limpar canalóns na fachada, na Avda. da Coruña, 187, Ribeira.

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente,



segundo a seguinte relación:

21224 05.09.2025 ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA, pintado de fachadas dianteira e traseira da sede da entidade, na rúa Abesadas, nº 11, baixo, Ribeira.

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (8)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

21436 08.09.2025 JUAN CARLOS GONZÁLEZ NÚÑEZ, retirada de lousas na fachada por posible desprendimento, no lugar de Carreiriña, nº 13, Carreira.

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (9)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

21533 09.09.2025 JOSÉ FRANCISCO MALLO MARIÑO, limpeza do tellado, na rúa Cervantes, nº 29, Ribeira.

15.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE DÚAS VIVENDAS PAREADAS. LUGAR: RÚA PINISQUEIRA, AGUIÑO, RIBEIRA. PROMOTORA: MARGARITA CASTAÑO FERNÁNDEZ

VISTA a solicitude de obra maior para **CONSTRUCCIÓN DE DÚAS VIVENDAS PAREADAS**, no lugar de **RÚA PINSQUEIRA, AGUIÑO, RIBEIRA**, da que é promotora **Dna. Margarita Castaño Fernández**.

VISTO o **informe técnico favorable** emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital o día **22 de outubro de 2025**.

VISTO o **informe** emitido polo Secretario Xeral da Corporación con data **5 de novembro de 2025** en relación co disposto no artigo 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre o Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional e o artigo 142 da Lei 2/2016, de 16 de febreiro do Solo de Galicia.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- CONCEDER a **Dna. MARGARITA CASTAÑO FERNÁNDEZ**, **licenza de obras (Nº 55/25)** para **CONSTRUCCIÓN DE DÚAS VIVENDAS PAREADAS**, no lugar de **RÚA PINSQUEIRA, AGUIÑO, RIBEIRA**, según **Proxecto básico** redactado polo arquitecto Don Jose Luis Bande Mariño, rexistrado co número 2503298,2, o 13 de xuño de 2025; e presentado no Rexistro xeral do Concello de Ribeira co rexistro de entrada núm. 202500016960, o día **9 de xullo de 2025**.



-Deberá adaptarse ó resto das determinacións impostas polo arquitecto municipal no seu informe de data 22 de outubro de 2025.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- As obras iniciaranse no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- Acta de recepción de edificio terminado.*
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- Certificado de Eficiencia Enerxética.*
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*



- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realízase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO.- Durante a execución das obras non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:



- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

16.- LICENZA MUNICIPAL PARA REFORMA Y AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. LOCALIZACIÓN: LUGAR PEDRA DO PINO, Nº 18, CORRUBEDO, RIBEIRA. PROMOTORA: FRANCISCA ROMAY ARMENTAL.

VISTA a solicitude de licenza de obra maior para **REFORMA Y AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, NO LUGAR DE PEDRA DO PINO, Nº 18, CORRUBEDO, RIBEIRA**, da que é promotora **Dña. FRANCISCA ROMAY ARMENTAL**

VISTA o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **22 de Agosto de 2025** respecto ao axuste do Proxecto Básico e de Execución presentado ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa de aplicación,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe** favorable emitido polo **secretario xeral da Corporación de data 6 de outubro de 2025**.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **Dña. FRANCISCA ROMAY ARMENTAL** licenza de obra maior (Nº 56/25) para **REFORMA Y AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, NO LUGAR DE PEDRA DO PINO, Nº 18, CORRUBEDO, RIBEIRA**.

- Deberá achegar proxecto de execución refundido, cas derradeiras modificacións, para que conste un documento completo no expediente, previo ao inicio das obras.**
- Deberá adaptarse ó resto das determinacións establecidas polo arquitecto municipal no seu informe de data 22 de agosto de 2025**

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei



Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

CUARTO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).



- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia



ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.

-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

17.- LICENZA MUNICIPAL -PROXECTO DE EXECUCIÓN- PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA. LUGAR: LUGAR DE GÁNDARA, ARTES, RIBEIRA. PROMOTORA: MARÍA JOSEFA MARIÑO HERMO

VISTA a solicitude de e **licenza urbanística-PROXECTO DE EXECUCIÓN-** presentada por **Dña. M^a Josefa Mariño Hermo e D. Emilio Olveira Sampedro, LICENZA DE OBRAS** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA** sita no lugar da Gándara, Artes, Ribeira, en parcela con ref^a catastral nº 15074A840006310000ZZ.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os **informes do arquitecto municipal técnico** de data **2 de outubro de 2025** e o informe do **secretario xeral da Corporación** de data **6 de outubro de 2025**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE Ó **PROXECTO DE EXECUCIÓN** aportado no expediente para a concesión a **Dña. M^a Josefa Mariño Hermo e D. Emilio Olveira Sampedro, LICENZA DE OBRAS** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA** sita no lugar da Gándara, Artes, Ribeira, en parcela con ref^a catastral nº 15074A840006310000ZZ, nos termos do Proxecto Básico de xullo de 2022 redactado por D. Juan Millán Figueirido, (arquitecto col. nº 3.183).

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- Acta de recepción de edificio terminado.*
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizos.*
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de*



novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpren os illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentase a correspondente solicitude.*
- *A obra realízase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*



s servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*



18.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE LICENZA URBANÍSTICA (Nº 39/22) PARA REFORMA INTERIOR DE VIVENDA EXISTENTE SITA NA RÚA ESCORIAL Nº 8, CORRUBEDO, RIBEIRA, EN PARCELA CON REFª CATASTRAL Nº 413782MH9143N0001ZZ CONCEDIDA POR ESTE CONCELLO EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 24/11/2022. PROMOTOR: AGUSTÍN SANTIAGO OTERO

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

I
ANTECEDENTES

Con data **8 de novembro de 2025** tivo entrada a solicitude de D. Agustín Santiago Otero (DNI nº ***930***), co núm. de rexistro 202526943, no que insta a concesión de prórroga de licencia urbanística nº 39/22 concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de novembro de 2022, por mor da dificultade que tivo a propiedade para continuar coas obras tras o abandono da mesma por parte da empresa Construcións Xela Barbanza S.L e da demanda interposta contra a mesma

II
LEXISLACION APLICABLE

- Os artigos 143 e 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- O artigo 359 do regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por decreto 143/2016, de 22 de setembro.
- O artigo 11.4 do Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro
- O artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- O artigo 2 do Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre Visado Colexial Obrigatorio.
- Plan Básico Autonómico
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribeira.

III
CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

Primeira:- De acordo co **artigo 145.1 da Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción das mesmas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de **terminación de tres anos**, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Segunda:- Conforme ao **artigo 143.2 da Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, as peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

O **artigo 143.1 da Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia establece que en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contravengan a ordenación territorial ou urbanística.

Neste sentido, deberá tomarse en consideración o carácter básico do silencio negativo previsto no **artigo 11.4 do texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana**,



aprobado por Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, nos termos previstos na Sentenza do Tribunal Constitucional 143/2017, do 14 de decembro de 2017, que declara inconstitucionais e nulos determinados incisos do devandito precepto.

En ningún caso poderán entenderse adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contravengan a ordenación territorial ou urbanística.

Terceira:- Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite **non poderá ser por prazo superior ao inicialmente acordado.**

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa acabada exteriormente.

Cuarta. O procedemento a seguir é o seguinte:

A. Vista a **solicitude** presentada para a concesión da prórroga da licenza de obras, será necesario informe dos Servizos Técnicos Municipais para determinar a adecuación da prórroga da licenza polas razóns expostas polo particular e para comprobar se transcorreu o prazo establecido para inciar e/o rematar as obras. O devandito informe foi emitido con data 15 de setembro de 2025.

B. Á vista do **informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais**, o expediente será resolto polo Alcalde de acordo co establecido no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, sen prexuízo da delegación de competencias conferidas a favor da Xunta de Goberno local por aquél a través de resolución de **20 de outubro de 2025**.

C. Resolto o expediente o mesmo será **notificado** ao interesado de acordo co establecido nos artigos **40, 42 e 43 da Lei 39/2015**, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo de dez días a partir da data en que o acto sexa ditado, e deberá conter o texto íntegro da resolución, con indicación de se é ou non definitivo na vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, órgano ante o que deben presentarse e prazo para interposicións, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Quinta:- Vista a lexislación aplicable, por esta Secretaría conclúese que a solicitude formulada por D. Agustín Santiago Otero acordo adecúase á mesma, polo que **procede a concesión da prórroga de licenza solicitada.**

Vista a proposta de resolución emitida ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, de data 11/11/2025, a xunta de goberno local, por unanimidade dos presentes, acorda:

- **Autorizar a prórroga da licenza urbanística (Nº 39/22)** para reforma interior de vivenda existente sita na rúa Escorial, nº 8, Corrubedo, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 413782MH9143N0001ZZ, concedida por este Concello en Xunta de Goberno Local de data 24/11/2022, e solicitada por Agustín Santiago Otero.



19.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - UFD Distribución Electricidad, S.A.

Visto o escrito presentado por **UFD Distribución Electricidad, S.A.**, de data 30/05/2025 (Rexistro de entrada nº 12.484), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 0416520NH0101N, situada en Rúa Barbanza, 26, Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 19/06/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A.

NIF: A63222533

02.DATOS DA PARCELA

Localización: RUA BARBANZA 26- RIBEIRA

Ref. Catastral: **0416520NH0101N**

Plano do PXOM: Planos nº 6.2 e 2.17 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0507 do PBA.

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 13.01.2025, obtén rexistro de entrada (RE.: 2025856), unha solicitude de información urbanística.

Achégase:

-CPP MEMORIA TECNICA.

03.02. Con data do 30.05.2025, obtén rexistro de entrada (RE.: ENTRADA: 202512484), unha solicitude de información urbanística.

Achégase:

-CPP MEMORIA TECNICA CON NUEVA UBICACIÓN.

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.

- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.

- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.

- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05.INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01.Réxime urbanístico:

A parcela para as que solicita información atópanse en solo urbano.

A parcela consultada atópase en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como **Solo Urbano correspondente coa Ordenanza 8.3.ª – DOTACIONAL DE EQUIPAMENTOS DOCENTE, SOCIO**



CULTURAL, ADMINISTRATIVO, SANITARIO Y DEPORTIVO. De conformidade coa Disposición Transitoria 1ª da LSG, apdo. 2 a) da LSG, ao solo urbano que reúna os requisitos do art. 17 a), aplicarásele o disposto na LSG para o solo urbano consolidado.

05.02.Réxime de autorizacións informe sectoriais:


No caso de que parcela este incluída no ámbito de afección dalgún organismo sectorial, deberá achegarse autorización do correspondente organismo ou, no seu caso, acreditación de ter presentado o mesmo a correspondente compunción previa ou declaración responsable.

- Patrimonio – Por estar no ámbito de un elemento protexido.

06.CONCLUSIÓN E PROPOSTA

O Concello de Ribeira despois de consensuar a nova ubicación ca concellería de urbanismo, considera que a ubicación e correcta.

Polo tanto para a tramitación do soterramento LMTE(PMR802), solicitar a tramitación das obras correspondentes.




PROXECTO NOVA UBICACIÓN




CATASTRO NOVA UBICACIÓN





ORTOFOTO NOVA UBICACIÓN



PXOM NOVA UBICACIÓN

20.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Adolfo Ayaso Rey

Visto o escrito presentado por **Adolfo Ayaso Rey**, de data 10/11/2025 (Rexistro de entrada nº 27.056), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 8984125MH9088S0002EA (RÚA MANUEL MURGUÍA, 15, 15965-AGUIÑO- RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 10/11/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría o meu cargo e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 8984125MH9088S0002EA (RÚA MANUEL MURGUÍA, 15, 15965-AGUIÑO- RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.

21.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Juan José Fraga Pérez

Visto o escrito presentado por **Juan José Fraga Pérez**, de data 10/11/2025 (Rexistro de entrada nº 27.014), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON



REFERENCIA CATASTRAL 15074A009010050000KG (LUGAR FRIÓNS, 28, POLÍGONO 9, PARCELA 1005, CRUCEIRO- 15967- RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 10/11/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría o meu cargo e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A009010050000KG (LUGAR FRIÓNS, 28, POLÍGONO 9, PARCELA 1005, CRUCEIRO- 15967- RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.

22.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

19092 23.07.2024 JUAN ANTONIO CARIDAD GRAÑA, comunicación previa de primeira ocupación de construción de vivenda unifamiliar en planta baixa, primeira e baixo cuberta, no lugar de Atalaia, Corrubedo.

23.- RESOLUCIÓN RELATIVA A EXPEDIENTE Nº 2025-DISU000005

Promotor	Óscar Leónidas González Sieira
DNI/CIF	***599***
Situación	Lugar da Ponte. Parroquia de Artes, Ribeira
Rexistro de entrada/Data	202500017642 / 21 de xullo de 2025
Obras denunciadas	Execución de recheo e vertidos de entullos
Ref. Catastral	15074A940019730001IP

En relación co **expediente núm. 2025- DISU000005** e con base aos seguintes,

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Con data **21 de xullo de 2025**, ten entrada no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira (Nº 202500017642) un **Oficio do Servizo de Protección da Natureza da Dirección Xeral da Garda Civil**, solicitando información sobre ordenación do territorio en relación a actuacións levadas a cabo na parcela con Referencia catastral 15074A940019730001IP.

SEGUNDO.-Posteriormente, requírese, por parte do **Servizo de Protección da Natureza da Dirección Xeral da Garda Civil**, que se informe sobre a **posibilidade de legalización** das actuacións levadas a cabo sen a autorización correspondente.



TERCEIRO:-Consta denuncia do 2 de setembro de 2022 ante este Concello, solicitando que se leve a cabo a investigación ao respecto da legalidade das obras que se estaban executando nesta parcela.

CUARTO:-Consta informe policial co número de parte de servizo 4843, da Policía Local de Ribeira, do día 31 de agosto de 2022, constatando que se está a realizar un recheo con entullos, rochas de grandes dimensións para proceder a realizar, posteriormente, un peche perimetral da parcela, contando ca licenza de obras 38/20.

QUINTO:-Consta informe do Técnico Municipal de Medio Ambiente, Don Ignacio Luis Fernández Veiga, do 2 de setembro de 2022, indicando que

"Na documentación gráfica non se refire ningunha actuación de recheo na superficie da parcela afectada polo pedraplén, polo que as actuacións de recheo non estarían amparadas pola licenza nin pola autorización de obra en zona de policía outorgada por Augas de Galicia mediante resolución de 9 de marzo de 2022 (achegada mediante oficio de data 17 de marzo de 2022, entrada núm. 4.998)."

SEXTO:-Consta informe da arquitecta técnica Municipal Dona Nuria Morgade Pouso, do 5 de setembro de 2022, indicando que

"As obras consistentes no movemento de terras, localizadas no extremo Leste da parcela, non contan co título habilitante exigible e non se axustan ás condicións das autorizacións outorgadas con anterioridade (2018 COMU000254 e 2019 LIC-000102).

Neste caso, a persoa titular da alcaldía disporá a suspensión inmediata de ditos actos e, comunicándollo ao interesado (arts. 152 LSG e 376 RLSG).

Así mesmo, procede dar traslado á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, a cal se amosa competente en virtude do art. 153.1 da LSG, respecto das obras e usos realizados en solo rústico, así como da execución de obras sen o título habilitante no solo de núcleo rural, en virtude da Resolución do 30 de xaneiro de 2018, pola que se ordena a publicación do Convenio de adhesión do Concello de Ribeira."

SÉTIMO:-Consta Decreto de paralización de obra e inicio de expediente de reposición da legalidade urbanística, Exp. 2022/DISU000007, do 7 de setembro de 2022, resolvendo:

"PRIMEIRO.- Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística motivado polas obras consistentes no movemento de terras, localizadas no extremo Leste da parcela con refª catastral nº 15074A940019730001IP, treito da parcela atópase na zona de policía de augas de 100 (0151A-0505), sita na Lugar da Ponte. Artes, Ribeira sendo promotor o Sr. Óscar Leónidas González Sieira (DNI ***863***).

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución aos interesados, entendo como tal ao Sr. Óscar Leónidas González Sieira (DNI ***863***), así como á Sra. Matilde Tato Queiruga (DNI ***534***).

TERCEIRO.- Dar traslado do expediente á **AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE** en cumprimento do establecido no CONVENIO DE ADHESIÓN mediante o que o Concello de Ribeira delega na mesma o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunha das seguintes clases de "solo rústico ou non urbanizable en calquera das súas categorías (artigos 31 e seguintes da LSG e disposición transitoria primeira da LSG)."

OITAVO:-Consta xustificante de presentación no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, ante a **Axencia de protección da legalidade urbanística (APLU)**, o día 8 de setembro de 2022, co número de rexistro de entrada 2022/2223059, os informes referidos, denuncia, decreto de paralización, notificacións aos interesados (denunciante e denunciado).



NOVENO:-Consta escrito da Axencia de Protección da Legalidade urbanística trasladando ao Concello de Ribeira o inicio das actuacións previas co número COR/193/2022, resolvendo

“Dar traslado ao Concello de Ribeira das actuacións previas núm. COR/193/2022, en relación cos movementos de terra vinculados á construción dun peche, co fin de que pola persoa titular da alcaldía se adopten, no exercicio das súas competencias, tódalas medidas necesarias para a protección da legalidade urbanística, segundo o disposto no Capítulo III do Título VI da LSG”

DÉCIMO:-Con data 30 de outubro 2025, unha vez estudada a denuncia presentada polo Servizo de Protección da Natureza da Dirección Xeral da Garda Civil, o arquitecto municipal emite informe técnico no que se conclúe o seguinte:

“Segundo o artigo 39.d).7ª, “manterase o estado natural dos terreos ou, alternativamente, introducirase a plantación de arborado ou especies vexetais, en todo caso mediante solucións que impidan o selado do solo en, alo menos a metade da superficie non ocupada da parcela”.

As obras afectan ás dúas clasificacións de solo (Solo de Núcleo Rural e Solo Rústico).

*Segundo o art. 26.1 apdo. d) da LSG, nos núcleos rurais está prohibido, aqueles movementos de terras que supoñan unha agresión ao medio natural ou que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar. Polo que **NON** serían legalizables as obras levadas a cabo.*

No que se refire ás actuacións levadas a cabo no solo rústico (art. 50.1 apdo. a) RLSG), os movementos de terras atópanse entre os usos e as actividades admisibles en solo rústico “as accións sobre o solo ou o subsolo que impliquen movementos de terra”, impondo as seguintes condicións:

1ª En ningún caso poderán adulterar considerablemente a topografía natural do terreo, excepto nos supostos expresamente autorizados na normativa sectorial.

2ª Non poderán alterar en máis de tres metros a rasante natural do terro, excepto aquelas actuacións en terreos con características especiais vinculados á actividade que se desenrole neles, como son o caso dos bancais en viñedo en zonas de pendente moi elevada.

*Por todo o exposto anteriormente, considérase que as actuacións de movemento de terras e contencións levadas a cabo, exceden do que se podería autorizar, e en consecuencia, **NON** serán legalizables”.*

LEXISLACIÓN APLICABLE

PRIMEIRO. A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

- Os artigos 152 e 153 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Os artigos 375 a 384 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.
- O artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- O Capítulo VII do Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.

SEGUNDO. Á vista dos anteriores antecedentes, tendo en conta a normativa de aplicación e a doutrina expostas, en base ao Informe técnico obrante no expediente, considérase que a seguinte proposta de resolución se adecua á lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local en virtude das competencias delegadas pola Alcaldía con data 200 de outubro de 2025.



En base ao anteriormente exposto e **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 06/11/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO:-Comunicar ó Servizo de Protección da Natureza da Dirección Xeral da Garda Civil, que as actuacións levadas a cabo na parcela con Referencia catastral 15074A940019730001IP **NON SON LEGALIZABLES**.

SEGUNDO:-Notificar a presente resolución ás persoas interesadas para que, no prazo de quince días, poidan examinar o expediente, formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

24.- SOLICITUDE HABILITACIÓN DUNHA ZONA DE ESTACIONAMENTO EXPRESS - Ángeles Casais Martínez

Queda sobre a mesa pendente dun maior estudo o escrito presentado por **Ángeles Casais Martínez**, de data 28/10/2025 (Rexistro de entrada nº 25.845), no que solicita a habilitación dunha zona de estacionamento express na Rúa Otero Pedrayo (Ribeira).

25.- SOLICITUDE DE RESTRICCIÓN DE CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS PESADOS NA RÚA DE GALICIA (RIBEIRA) - Comunidade de Propietarios Rúa de Galicia 103

Visto o escrito presentado por Emilio Picanes Mosquera en representación de Asesoría Beny García, e á súa vez en representación de **Comunidade de Propietarios Rúa de Galicia 103**, de data 15/10/2025 (Rexistro de entrada nº 24.995), no que solicita a restricción de vehículos pesados na Rúa de Galicia (Ribeira) debido a impactos na fachada do edificio ao intentar incorporarse á rúa.

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 05/11/2025, no que sinala:

"ANTECEDENTES

Debido a la configuración urbana y geográfica de la ciudad de Ribeira, los accesos de entrada y salida para vehículos pesados presentan una serie de limitaciones estructurales. Estas condiciones hacen que el tránsito de camiones se concentre en determinados viales principales, entre ellos la calle Galicia, que actúa como una de las vías esenciales de salida para el transporte de mercancías.

CONSIDERACIONES

1. La red viaria de Ribeira no dispone actualmente de itinerarios alternativos que permitan desviar el tráfico pesado sin afectar de manera significativa la operatividad del servicio logístico y de abastecimiento.
2. La calle Galicia constituye un eje fundamental para la salida del transporte de mercancías, garantizando el suministro a empresas, establecimientos comerciales y servicios básicos del núcleo urbano.
3. La anulación o restricción total del paso de camiones por dicha vía provocaría una merma considerable en el funcionamiento económico y operativo de la ciudad.

CONCLUSIÓN

En base a lo expuesto, no resulta viable eliminar ni restringir completamente el paso de camiones por la calle Galicia, dado que se verían comprometidos los servicios de transporte, distribución y abastecimiento en Ribeira.

Se propone, no obstante, valorar la implantación de medidas complementarias, tales como:



- *Evaluación de posibles alternativas de desvío parcial a medio o largo prazo.*
- *Los daños que sean ocasionados por los camiones en las vías, instalaciones o bienes públicos o privados deberán ser sufragados por los propietarios o responsables de dichos vehículos, sin perjuicio de las acciones legales que correspondan para la reparación del daño”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Non eliminar nin restrinxir** completamente o paso de camiós pola rúa Galicia, dado que se verían comprometidos os servizos de transporte, distribución e abastecemento en Ribeira.

- Proceder á valoración a implantación de medidas complementarias, tales como:

- *Evaluación de posibles alternativas de desvío parcial a medio ou longo prazo.*
- *Os danos que sexan ocasionados polos camiós nas vías, instalaciones ou bens públicos ou privados deberán ser sufragados polos propietarios ou responsables de ditos vehículos, sen prexuízo das accións legais que correspondan para a reparación do dano”*

26.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- S.L.L.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Bricio, de data 07/11/2025, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **S.L.L.**, mediante escrito de data 26/09/2025 (Rexistro de entrada nº 23.341).

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 05/11/2025, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a S.L.L. unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **588,00 €/mes**, en concepto de débeda de auga e do 50% do alugueiro de 3 meses.

27.- APROBACIÓN BASES DOS CONCURSOS DE EMBLECEMENTO DE NADAL 2025-2026

Vista a proposta conxunta presentada polas concelleiras delegadas de Cultura, Ana Barreiro Rego, e de Promoción Económica, Carmen Pérez Gómez, de data 06/11/2025, relativa á aprobación das bases bases dos concursos de emblecemento de Nadal 2025-2026, nas modalidades de “Decoración de fachadas, balcóns e xardíns”, “Decoración de comercios e escaparates” e “Decoración de locais hostaleiros”, na que expoñen:

“As Concellerías de Cultura e Comercio teñen interese en poñer en valor e incentivar a participación da cidadanía nas celebracións de Nadal mediante a creación a decoración realizada tanto en establecementos comerciais e hostaleiros como nas vivendas particulares de calquera veciña ou veciños. Por todo isto quérese poñer en marcha este concurso de emblecemento de Nadal 2025-2026 en tres modalidades: decoración de locais hostaleiros, decoración de comercios e escaparates e decoración de Fachadas, Balcóns ou Xardíns en vivendas do municipio.

Para a modalidade de decoración hostaleira establécense dous premios consistentes en cestas por valor de 250 € e 160 €. Para a modalidade de decoración de escaparates de establecementos



comerciais establécense establécense dous premios consistentes en cestas por valor de 250 € e 160 €. E do mesmo xeito para a modalidade de decoración de Fachadas, Balcóns ou Xardíns establécense un total de 9 premios: un por cada parroquia cunha cesta por valor de 200 € en cada parroquia."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a posta en marcha deste concurso de embelecemento de Nadal 2025-2026, nas modalidades de "Decoración de fachadas, balcóns e xardíns", "Decoración de comercios e escaparates" e "Decoración de locais hostaleiros", así como a aprobación das bases correspondentes, que constan no expediente.

28.- ACHEGA CONCEDIDA Á CONFRARÍA DE PESCADORES DE CARREIRA E AGUIÑO – FESTA DO PERCEBE (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e proposta de pagamento de subvención emitida polo Concelleiro Delegado do Mar, Fernando Abrales Pérez, de data 07/11/2025, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño para a organización da XXVI Festa do Percebe de Aguiño 2025.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 10/11/2025.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño para a organización da XXVI Festa do Percebe de Aguiño 2025, por importe de 15.000,00 €.

29.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DA ACTIVIDADE: XV RUTA BTT DO NADAL

Vista a **proposta de aprobación de prezos públicos** do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 10/11/2025, no que solicita a aprobación de prezos públicos para a realización da actividade "XV Ruta BTT do Nadal".

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, e polo Tesoureiro Municipal, Félix Carrasco del Pozo, de data 10/11/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1º.- Establecer un prezo público de 10,00 € por participante inscrito, en base a Ordenanza fiscal C.3 Reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo concello, no seu artigo 4.2 (Establecemento e contía), establece que, "A estes efectos, con carácter previo ó inicio das actividades, a Xunta de Goberno Local, en base ós informes previos do Xefe de cada Servizo ou Dependencia e da Intervención Municipal



sobre os custos soportados polo Concello, establecerá o prezo concreto de cada actividade, que conforme o artigo 44.1 do R.D.L. 2/2204, deberán cubrir como mínimo o custe do servizo prestado ou da actividade a realizar.”

“Non obstante o anterior, conforme ó disposto no artigo 44.2 do R.D.L. 2/2004, cando exista razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a Xunta de Goberno Local poderá fixar prezos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nesto supostos deberán consignarse nos orzamentos da Entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbera.”

2º.- Publicar un anuncio que dea conta do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias dos servizos que organicen a actividade, que deberá ser exposto dende o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

30.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, LIÑA ACCIÓN SOCIAL EXERCICIO 2025

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 10/11/2025, na que solicita se dea trámite ao correspondente procedemento administrativo para a posta en marcha da convocatoria de achegas para entidades sen ánimo de lucro – liña acción social correspondente ao exercicio 2025.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 10/11/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a convocatoria e bases específicas para a concesión de subvencións para entidades sen ánimo de lucro – liña acción social correspondente ao exercicio 2025.

31.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRACIÓN DE ANDAINA POPULAR – Cruz Vermella Ribeira

Visto o escrito presentado por Ángeles Cores Amigo en representación de **Cruz Vermella Ribeira**, de data 10/11/2025 (Rexistro de entrada nº 26.994), no que solicita autorización para a celebración dunha Andaina Popular, dentro da campaña solidaria “A Andaina dos Xojetes”, o día 07/12/2025, cun horario previsto entre as 10:00 h. ata as 13:00 h., co motivo de recadar xoguetes para o Nadal para máis de 50 familias; e así mesmo, solicita o apoio loxístico municipal (Corte de rúas, colaboración da Policía Local, instalación de valados e colocación de colectores RSU adicionais)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dunha Andaina Popular, dentro da campaña solidaria “A Andaina dos Xojetes”, o día 07/12/2025, cun horario previsto entre as 10:00 h. ata as 13:00 h., e coa saída e chegada na Avenida do Malecón (Ribeira).
- Prestar a colaboración municipal con corte de rúas, presenza da Policía Local, instalación de valados e colocación de colectores RSU adicionais na zona de saída/chegada.



- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

32.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR INSTALACIÓN DE TEMPADA EN TERREO DE TITULARIDADE MUNICIPAL - Dino René Vivanco Vilches

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira, en sesión celebrada en data 13 de abril de 2022, aprobou o acordo de adxudicar os postos que se indican a continuación para instalacións de tempada en terreos de titularidade municipal nas tempadas de verán 2022, 2023, 2024 e 2025, nas condicións sinaladas no prego reitor do procedemento e coas obrigas específicas recollidas no artigo 10 do prego:

ADXUDICATARIO/A	POSTO	PREZO OFERTADO
Verónica Elena Nogueira Carrera	Corna	2.100,00 euros/tempada
Roberto Sieira González	Ameixida	1.802,00 euros/tempada
Grupo Bacoga Galicia, S.L.	Coroso 2	1.666,71 euros/tempada
Pablo Pérez Escariz	Coroso 1	1.569,00 euros/tempada
Dino René Vivanco Vilches	Mosqueiros	1.082,61 euros/tempada

Dino René Vivanco Vilches presentou un escrito no Rexistro Xeral deste Concello, de data 6 de novembro de 2025 (entrada núm. 26.779), mediante o que solicita a devolución da fianza de 1.000,00 € que depositou ante o Concello de Ribeira ao comezo do período de adxudicación.

Informe favorable emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 7 de novembro de 2025, a raíz de visita de comprobación efectuada ao lugar de localización da instalación denominada “posto Mosqueiros”, favorable.

Informe de fiscalización previa e limitada emitido polo Interventor do Concello de Ribeira ao respecto da solicitude de devolución, de data 10 de novembro de 2025, favorable.

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

Establece o artigo 10 do “PREGO DE CONDICIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE CINCO POSTOS PARA INSTALACIÓNS DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NAS TEMPADAS DE VERÁN 2022, 2023, 2024 E 2025”, reitor do procedemento, ao respecto das obrigas dos adxudicatarios, o seguinte: “10º.- *Obrigas dos adxudicatarios.*

Sen prexuízo doutras obrigas que neste prego se establecen, os adxudicatarios teñen as seguintes obrigas:

1) *Económicas:*



a) Pago do canon de adxudicación mediante domiciliación bancaria no prazo de dez (10) días dende que adquira firmeza a adxudicación do posto.

b) Prestar unha fianza por importe de 250 € por cada tempada, importe total 1.000 €, para responder do levantamento das instalacións á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos ás praias. A tal efecto, a garantía ou fianza estará constituída pola cantidade depositada na Tesourería do Concello. **Para os efectos da devolución desta cantidade, o interesado ten a obriga de solicitala por escrito, e poderá solicitar a devolución da parte proporcional que corresponda ao final de cada tempada, ou ben ao finalizar o prazo de autorización (á finalización da tempada de verán 2025). Xunto coa solicitude de devolución deberá achegar necesariamente un certificado da entidade bancaria da conta onde se vai transferir. (...)**

Consta no expediente que Dino René Vivanco Vilches (***543***), adxudicatario do posto denominado “Mosqueiros”, presentou no Concello de Ribeira unha fianza en metálico por un importe de 1.000 € segundo Carta de Pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data do 6 de abril de 2022, para responder do levantamento das instalacións á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos ás praias.

3. RESOLUCIÓN

Vista a proposta de resolución emitida ao respecto polo Técnico Municipal de medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 10/11/2025, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a devolución solicitada, correspondente ás anualidades 2022, 2023, 2024 e 2025, por un importe total de 1.000,00 €, da garantía definitiva depositada en metálico no Concello de Ribeira por Dino René Vivanco Vilches.

33.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Sidi Randan El Id (A CAMBADESA)

Queda sobre a mesa o escrito presentado por **Sidi Randan El Id** en representación establecemento “**Café Bar A Cambadesa**” (Ribeira), de data 11/11/2025 (Rexistro de entrada nº 27.117), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro “Café Bar A Cambadesa” (Ribeira), os días 14/11/2025, en horario de 22:00 h. a 00:00 h., 21/11/2025, en horario de 22:00 h. a 01:00 h., e o 22/11/2025, en horario de 22:00 h. a 00:00 h.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 11:00 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

